



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a edición e publicación da *Revista galega de economía* no ano 2023.

A directora xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública,

DECLARA

Que a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) teñen previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á USC para desenvolver as actividades relacionadas coa edición e publicación no ano 2023 do volume 32 da *Revista Galega de Economía*. Este volume consta de dous números ordinarios (1 e 2) e dun número extraordinario como mínimo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A sinatura deste convenio responde ao interese público derivado de que as actividades obxecto deste convenio aportan unha análise de calidade útil para a planificación económica sectorial pero, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio-económico.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

A directora xeral de Planificación e Orzamentos

Almudena Chacón Pichel

